

Os 19 novos centros de mando de iluminación pública melloran o aforro enerxético

O Concello acometerá importantes obras co superávit de 3,5 millóns de euros do pasado ano

Páxinas 12 e 13



O polígono comercial de Icaria renova o seu firme

Páxina 7

Concello de  Oleiros

Vivir en Oleiros

Número 45
Setembro 2014
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Alumnos e alumnas das escolas municipais de danza e música durante un dos espectáculos que clausuraron a actividade lectiva do pasado curso



Comeza o Programa municipal de reforzo e apoio escolar

Páxina 16

50 nenos e nenas participan na Escola Municipal de Hóckey

Páxina 18

Oleiros continúa incrementando a cantidade e a calidade artística

■ As escolas municipais de música e danza inician un novo curso cun importante incremento no número de matrículas. No caso da escola de música ofertáronse 74 novas prazas, mentres que na de danza foron 120. Este aumento do número de alumnos e alumnas está acompañado curso tras curso dunha importante mellora na calidade artística dos escolares.

Páxina 17

O portal web do concello actualiza o seu deseño

Páxina 9

A axenda cultural, chea de teatro e música para rematar o ano

Oleiros presenta unha interesante oferta teatral e musical para este último cuadrimestre do ano. O programa oferta contidos deseñados para cubrir todo tipo de tendencias. Os espectáculos teatrais e os concertos serán os protagonistas ao longo dos próximos meses.

Páxinas 20 e 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Participa con nós

A Alternativa dos Veciños somos un movemento político asembleario que ten a súa orixe no propio movemento veciñal e cultural oleirense, que naceu no inicio da etapa democrática por e para Oleiros.

En coherencia con esta política asemblearia e con motivo das próximas eleccións municipais a Alternativa dos Veciños iniciará, como desde hai máis de tres décadas, o proceso singular de preselección de candidatos e candidatas que, logo de participar nunhas primarias

conformarán a lista electoral a presentar nas vindeiras eleccións de maio de 2015. Para a dita selección de candidatos, durante os meses de outubro e novembro, terán lugar 10 asembleas en todas as parroquias do municipio, incluído Montrove, abertas a todos os veciños que queiran asistir e que poderán presentarse se cumpren cos requisitos establecidos pola asemblea xeral do congreso de simpatizantes entre os que cabe destacar entre outros, a honradez, a responsabilidade social e

o terse dedicado nalgún momento da súa vida ao servizo á cidadanía a través de sociedades culturais, deportivas, sociais, ou de cooperación.

En cada unha destas 10 asembleas, elixiranse a tres candidatos ou candidatas, que serán os que máis votos acaden entre os presentes. Os trinta resultantes ratifícaranse no mes de xaneiro na Asemblea Xeral de Alternativa dos Veciños para, posteriormente, concorrer en febreiro ás eleccións primarias nas que tamén podemos

participar todos os veciños de Oleiros maiores de 18 anos. Para facilitar a dita participación neste proceso enviarase a todos os domicilios oleirenses unha carta informativa coas papeletas para a votación na que se incluírá a foto dos candidatos ou candidatas coa súa traxectoria social.

Os 21+3 elixidos nestas Primarias serán os que representen a Alternativa dos Veciños nas eleccións de maio. Unha vez máis solicitamos a túa participación neste proceso distinto e singular.



Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Revisión do catastro xa!

O mes de maio, o Tribunal Supremo dictó unha sentenza que afecta a todos os españois, e tamén a todos os oleirenses. Nela rectificaba a normativa do Catastro, que valoraba as fincas rústicas que os concellos clasificaban como urbanizables, como ur-

banas, obrigándolles a pagar o IBI urbano en lugar do rústico. Logo da aprobación do Plan Xeral de Oleiros no 2009, o goberno de Alternativa solicitou ao Catastro que se revisasen os valores de todos os solos clasificados polo novo plan como

urbanizables, para así poder facer caixa. Con todo, o pasado xullo, negouse a solicitar ao Catastro que anulara esas revisións, para que os veciños non sigan pagando máis do que deben polas súas fincas. O Catastro só revisa os seus valores si

pídeo o Concello, e o de Oleiros négase a facelo. Desde o PP animamos a todos os veciños e veciñas de Oleiros a que reclamen ao concello que os protexa e vele polos seus intereses, e que cando vexan o recibo do IBI asesórense antes de pagalo.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Alternativa adianta a dereita pola dereita

Oleiros converteuse o pasado xullo no primeiro municipio de Galicia que amparándose na nova lei de Vivenda da Xunta do PP, aprobou, cos únicos votos favorables de Alternativa dúas Veciños, cambiar o Plan Xeral (PXOM) para pasar do 33,86% de edificabilidade reservada a VPO, que tiña ata agora para

todo o municipio, a un 10%. Unha redución do 70%. O PSOE denuncia que a redución non só afecta nestes momentos nos que non hai demanda de vivenda, nin libre nin protexida, senón que afecta aos próximos anos, ata décadas. Un plan que empeza hoxe verá as súas vivendas construídas dentro de 5

ou 6 anos. Os oleirenses deben saber que os nosos fillos, que en moitos casos hoxe teñen postos de traballo con salarios precarios, non van poder acceder a unha vivenda protexida e terán que emigrar de Oleiros mentres os promotores xa non terán que poñer no mercado VPO.

A.VV. se proclama progresista, pon nomes de personaxes vinculados coa esquerda a rúas e prazas, pero leva a cabo unha política máis de dereitas que a dereita. A maioría absoluta de A.VV. non pon en marcha novos proxectos pero si desfai o proxecto de cohesión social que estaba aprobado no PXOM.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Por que Alternativa dos Veciños non quere vivenda protexida?

No Pleno de xullo, o goberno municipal -coa maioría absoluta de Alternativa dos Veciños- aprobou unha medida que queremos denunciar: a modificación do PXOM para reducir nun 70% o solo para vivenda protexida. Esta medida, de dúbida legalidade, favorece descaradamente os intereses dos promotores. Apóiase

unha Lei do PP que xustifica a rebaixa en que hai moita VP construída e sen vender, e na aproximación do prezo da VP á vivenda libre. É este o caso en Oleiros? Non. O descenso na demanda de vivenda dáse tanto na protexida como na libre. Tristemente, o Alcalde é o primeiro, e de momento o único, en adoptar

esta medida, por diante dos propios alcaldes do PP. Pensa o alcalde que é isto -favorecer os intereses de promotores e especuladores en contra do dereito das persoas, en especial da xente nova, a acceder a unha vivenda- o que demanda a maioría dos oleirenses? O BNG denuncia a responsa-

bilidade política, de fraude ás expectativas e desexos da maioría social de esquerdas e nacionalista de Oleiros, que supón rebaixar nun 70% a reserva de solo para vivenda social para contentar os intereses das promotoras, en plena coincidencia coas políticas impulsadas polo PP desde a Xunta e o Estado.

EDITORIAL

● A deriva do bipartidismo

◆ O poder político nas alturas, a bicefalia que nos vén gobernando de costas ás manifestacións e vontades cidadás, recibiu nas recentes eleccións ao Parlamento Europeo un revés que non esperaba: a constatación de que a indignación deu paso á acción que pode remudar profundamente o panorama da toma de decisións. Non obstante, o Goberno e o PSOE non parecen ter captado de todo a mensaxe de descontento da cidadanía coa súa xestión, porque o país segue administrado a golpe de decretos lei que fixan unha distancia aínda maior con relación ás necesidades e os valores da cidadanía, en materias tan vitais como a dependencia, as coberturas a desempregados, a reforma laboral, o sistema educativo e de bolsas, a asistencia sanitaria, o dereito ao aborto, a protección da muller maltratada, o fin dos desafiuzamentos, o investimento en sectores de produción estratéxicos, en enerxías renovables, en innovación...

O goberno e o seu séquito do sindicato do odio goberna, como se facía na Idade Media, para os intereses do puñado de familias que controlan o IBEX, e adecúa as súas políticas fiscais para que as grandes compañías paguen unha miseria en impostos. Séguese a inxectar diñeiro dos impostos dos españois na banca que paga soldos obscenos aos seus directivos e séguese a poñer nas súas mans o negocio da débeda pública sen esixir a cambio a posta en marcha de medidas necesarias para cortar a sangría da exclusión: crédito ás pemes, dación en pagamento, eliminación de cláusulas abusivas...

Mais dende a súa prepotencia a bicefalia vén socavando,

con pasos axigantados, os dereitos que a clase traballadora e a cidadanía conquistaron tras moitos e duros anos de posicionamento e loita democrática. Hai na súa actitude unha auréola de desprezo e ninguneo a respecto dos efectos que os recortes salvaxes, sempre dirixidos contra a clase media e baixa, poden ocasionar nun electorado canso e farto da inmunidade con que cren estar imbuídos, por máis que a corrupción teña enmerdado ás súas organizacións até as cellas mentres a sociedade ofrece panoramas terceiro-mundistas.

Porén, a única linguaxe que entende o poder, dende esa distancia co pobo, para mudar a súa prepotencia é a do medo a verse desaloxados das súas posicións. O PP xa está dando pasos á fronte para, diante do crecemento da suma dos postulados de esquerdas, blindarse por partida dobre: coa redución de deputados, minorando así a representación dos grupos minoritarios, elevando ao dobre o número de votos para obter un representante, e coa proposta de elixir alcalde ao da lista máis votada, aínda que sexa minoritaria, e con iso acadar a maioría das alcaldías do Estado, aproveitando a fragmentación da esquerda en diversas candidaturas. Conclusión: se mal estamos, queren poñérnolo peor. A impunidade campará a pracer por todo o estado español, non sendo que reaccionemos e botemos fóra dos postos de decisión e responsabilidade a un goberno tiránico, que exerce o "orden e mando" a golpe de decretos lei que nacen para derrubalos coa nosa acción ilusionada, para ir recuperando así todos os dereitos que nos veñen roubando.

Orgullosos de vivir en OLEIROS



O Concello mellorou as escolas infantís ▶ A Pardela e As Galeras

◆ O Concello de Oleiros levou a cabo durante os pasados meses unha serie de melloras nas escolas infantís A Pardela e As Galeras. O obxectivo destes traballos foi mellorar as instalacións destes dous centros de ensino de cara ao novo curso que comezará nuns días. Estes traballos incluíron o pintado das fachadas exteriores e a instalación dunha nova canalización para a recollida de augas pluviais. Tamén se drenou e saneou os sotos dos edificios e se levaron a cabo reparacións en varios petos. Por último, na zona exterior das escolas, o Concello mellorou o espazo de xogo para os nenos e nenas. O investimento do goberno local nestes traballos foi de 68.793 euros.



Oleiros investirá 136.312 euros en pavimentar varias ◀ rúas do municipio



◆ O Concello de Oleiros saca a contratación a renovación do pavimento en varias rúas do municipio. Estes traballos prevén o asfaltado de gran parte da rúa Río Eume, na urbanización Os Regos, o asfaltado da praza de Galicia, en Santa María de Oleiros, e renovación do lastrado en rúa Buccino, no contorno da praia de Naval. O investimento total nestes traballos é de 77.879 euros.

Tamén serán renovadas nun proxecto similar as rúas Campo das Becerras, Aguiá e Carlos Manuel Céspedes. Ademais executarase unha mellora estética na rotonda da Rúa do Sendeiro. O investimento total nestas obras ascende a 58.433 euros.

■ A rúa Río Eume, na urbanización Os Regos, será unha das rúas melloradas dentro destes dous proxectos

O Concello amplía a beirarrúa na rúa do Saber, en Santa Cruz, para garantir a seguridade dos peóns ▼

◆ O Concello de Oleiros continúa traballando nas obras de mellora da seguridade viaria en todo o municipio. No que queda de ano executaranse traballos en distintas rúas municipais das parroquias de Liáns, Nós, Oleiros e Perillo. Trátase de pequenas pero importantes actuacións que están dando bos resultados desde o punto de vista da circulación e de mellora da seguridade dos peóns. Entre estas actuacións destaca a ampliación da beirarrúa da rúa do Saber, á beira do edificio As Torres de Santa Cruz.

Por este lugar pasan cada día, durante o curso escolar, un gran número de persoas, na súa gran maioría escolares ás horas de entrada e saída do centro educativo. É un punto moi conflitivo porque neses momentos hai moito tráfico de vehículos e a beirarrúa actual é moi estreita, menos dun metro de ancho. Con esta actuación preténdese que os peóns gañen espazo aos vehículos e que poidan pasar coa seguridade necesaria pola beirarrúa. En definitiva é unha mellora destinada a protexer os nenos e nenas do colexio que van a clase cada mañá.



A biblioteca de Dorneda estreou un novo illamento na súa cuberta


◆ Así mesmo, a biblioteca María Xosé Ruso, en Arillo, estrea novo illamento na súa cuberta. O Concello levantou durante o verán o tellado para reparalo. Ademais levou a cabo unha drenaxe no exterior do edificio e pintou e mellorou o illamento da fachada do edificio. O obxectivo destes traballos foi previr as posibles aparicións de humidades no edificio e deste xeito, evitar a súa deterioración.

O Concello renova 319 puntos de luz con tecnoloxía led ▼



◆ Oleiros renova 319 puntos de luz espallados por todo o municipio utilizando tecnoloxía led. O uso destas luminarias permite unha redución do consumo superior ao 50% ademais dunha diminución da contaminación lumínica. Así mesmo este tipo de luminarias teñen un maior número de horas de vida útil que as actuais e reduce os gastos en mantemento. O investimento total nesta substitución de puntos de luz é de 190.296 euros. Deste xeito, o Concello segue coa execución das medidas de aforro acadadas na auditoría enerxética lavada a cabo en 2010 e que permitiu xerar un importante aforro económico ás arcas municipais nestes últimos anos.

A instalación de 19 novos centros de mando de iluminación pública permitirán acadar un importante aforro enerxético ▼



◆ O Goberno local inviste 120.622 euros na instalación de 19 novos centros de mando da rede de iluminación pública. Estes novos xestores dispoñen de sistema de redución de consumo. Así mesmo dispoñen dun sistema de alarmas que facilita os labores de programación e mantemento. Deste xeito, o Concello logrará mellorar a xestión de toda a rede e un importante aforro enerxético grazas á optimización da enerxía utilizada.

O Concello está a contratar a instalación de caldeiras de biomasa en varios edificios municipais ▼



◆ O Concello de Oleiros, seguindo coa súa política de aforro enerxético, instalará caldeiras de biomasa na Casa do Concello e na piscina municipal de Perillo. Nestes momentos o Goberno local encóntrase no proceso de contratación de ambos os dous dispositivos. A instalación destes dous novos sistemas de calefacción permitirá un importante aforro en gasóleo, xa que o combustible utilizado por estas

novas caldeiras procede de restos vexetais orgánicos, xeralmente procedentes de podas. O investimento total desta mellora será de 99.800 euros na casa da caldeira da Casa do Concello e de 126.600 no da piscina de Perillo. Estas obras financiaranse a través de dúas subvencións e co aforro en combustible.

Os cans non poden estar soltos nas zonas verdes



Son moitos os veciños e veciñas que cumpren as súas obrigas respecto ao coidado dos animais de compañía, pero continúa a haber un pequeno número de persoas que incumpren coa normativa de levar os cans con correa e que non realizan a recollida de excrementos. En ningún caso, os cans poden camiñar soltos polos parques, praias e zonas verdes do municipio.

A Policía Local de Oleiros conta con dous novos coches patrulla ▼



◆ A Policía Local de Oleiros conta con dous novos coches patrulla. Os vehículos están equipados con modernos extras que facilitarán o labor policial, especialmente á hora de levar a cabo dispositivos de

tráfico e no aspecto das comunicacións. Ambos vehículos contan con habitáculo de seguridade para detidos. O investimento do Goberno local nestes dous coches patrulla foi de 50.000 euros.

En marcha tres novos cursos de formación ▼



◆ O Concello de Oleiros xa está impartindo tres novos cursos de formación para desempregados. En concreto, nas instalacións do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, nos Regos, estanse impartindo os cursos de cociña e de atención sociosanitaria a persoas dependentes. Pola súa parte, as instalacións da Carballeira collen a actividade do curso de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.

Destes tres cursos beneficianse en total 45 desempregados do municipio. Os ciclos permiten a obtención do certificado de profesionalidade de cada unha das ocupacións e teñen incluído un módulo de prácticas formativas en empresas. O remate da actividade está previsto para os meses de novembro e decembro.

Oleiros contrata temporalmente preto de 20 operarios municipais

◆ O Concello de Oleiros contratou ao longo deste verán preto de 20 operarios municipais que se encargan de reforzar servizos que esta época do ano ven incrementada a súa actividade. Estas contratacións, que se levaron a cabo a través de acordos acadados coa Xunta de Galicia e a Deputación provincial, foron ocupadas por veciños e veciñas de Oleiros en situación de desemprego. En total contratáronse nove peóns de obras públicas para a limpeza das praias e catro traballadores para o dispositivo antiincendios. Ademais destes traballadores, recentemente comezaron a súa actividade outras 5 persoas encargadas de levar a cabo un importante traballo de construción, conservación e recuperación de mobiliario urbano.



O Concello adxudica o restaurante da Fábrica e a cafetería do centro cívico de Montrove ▼



◆ O Concello de Oleiros adxudicou o restaurante A Fábrica á empresa Red Carpe Diem Ibérica, S.L. A empresa adxudicataria iniciará a súa actividade no complexo hostaleiro situado no emblemático edificio de Perillo ao longo destes días. Ademais do restaurante da Fábrica, foi adxudicada por parte do Concello a cafetería do Centro social de Montrove. Neste caso o adxudicatario foi Borja Pita González, un veciño do municipio que desempeñará a actividade neste negocio de hostalería que alberga o complexo municipal de Montrove e que rexistra unha importante actividade local.

Oleiros demanda a Portos que finalice o acceso ao porto de Lorbé no final da vía Ártabra ▼


◆ O Concello de Oleiros demandou nunha reunión mantida con representantes de Portos de Galicia a finalización da vía Ártabra no tramo que desde a rotonda de Veigue chega ata o porto de Lorbé, e que nestes momentos atópase parado. Nesta reunión os representantes da Xunta mencionaron ter dispoñible o diñeiro necesario para acometer os traballos, que, previsiblemente, comezarían antes de final deste exercicio. Os traballos terán un orzamento superior aos 350.000 euros.

Así mesmo, na citada xuntanza, o Concello demandou tamén a execución do muro do peirao de Santa Cruz, xa que este punto presenta un serio risco para os usuarios e usuarias desta zona e que tamén afecta ao acceso á praia de Naval. Os representantes de Portos sinalaron respecto a este asunto que se está elaborando un proxecto que se dará a coñecer ao Concello antes da súa contratación.

■ Na imaxe pódese ver o trazado da futura estrada que desde a vía Ártabra dará acceso ao porto de Lorbé



Oleiros renova o pavimento no polígono comercial de Icaria



◆ O Concello de Oleiros renova o pavimento no polígono comercial de Icaria. Dentro deste proxecto de mellora, no que se invisten 140.000 euros, inclúese a reordenación do tráfico dentro do polígono, o que permitirá axilizar a circulación e incrementar o número de prazas de estacionamento. O polígono comercial de Icaria, enmarcado dentro do Eixo empresarial

Perillo-Oleiros, é na actualidade o solo industrial de maior ocupación do noso municipio e atópase en constante desenvolvemento e crecemento dende hai máis de trinta anos. Actualmente o pavimento encóntrase deteriorado debido á intensa actividade da zona e á implantación de servizos e infraestruturas soterradas.

Vivendas protexidas de promoción municipal a través de cooperativas



■ Vista da obra do edificio de 8 vivendas protexidas que se está a construír en Oleiros, na urbanización Obelisco

◆ A normativa estatal e da comunidade autónoma que rexía a construción de vivenda protexida cambiou. Antes contaba con axudas económicas, liñas de crédito con xuros baixos, subvencións a fondo perdido, reducións de ata un 90% no importe do imposto de bens inmobles, etcétera. Todas estas axudas foron parcialmente ou totalmente eliminadas, en cambio os propietarios que as adquiren non as poden transmitir nun prazo inferior a 15 anos, malia que teñan a necesidade de facelo por motivos diversos.

Ademais, dáse o caso que na actualidade as vivendas libres poden adquirirse a prezos máis baixos que os estipulados para vivenda de protección. A esta situación hai que engadir tamén que no caso de urbanizar os custos para os propietarios dos terreos son maiores.

A obrigación de prever unha reserva de vivendas de protección está tipificada na Lei do solo unicamente para aqueles concellos que contan cun Plan xeral de ordenación municipal, en cambio aqueles municipios que non contan con este documento non teñen obrigación de fixar un número de vivendas de protección.

No caso do Concello de Oleiros, que como se sabe ten aprobado o seu terceiro Plan xeral neste período democrático, si existe esta reserva de solo en todas as urbanizacións. A dita reserva prevíase nun 10% nos dous primeiros plans e permitiu ao Concello a promoción de 632 vivendas de protección a través de cooperativas ademais da edificación doutras 500 desta clase de promoción privada.

Un recente estudo da Xunta publicado fixa a media de demanda de vivenda protexida para Galicia nun 6% mentres que no caso particular de Oleiros o mesmo estudo sinala unha demanda de 3,67% para este tipo de vivenda. Esta previsión debe facerse anualmente, polo que o Concello toma a porcentaxe do 10%, que era a cantidade fixada nos anteriores plans xerais.



■ Inicio das obras de 27 vivendas de protección nun lugar privilexiado no centro de Santa Cruz, fronte ao hotel Portocobo



O carril bici ampliarase cun novo tramo entre Santa Cruz e Mera

◆ A Deputación provincial, en colaboración co Concello de Oleiros, prevé a construción dun carril bici para continuar o trazado actual que une Perillo con Santa Cruz. A obra levarase a cabo na estrada que comunica Santa Cruz e Mera trala cesión de chan efectuada ao Concello de Oleiros polos propietarios colindantes con esta vía e á que a Xunta ten previsto dotar de beirarrúas e beiravías para garantir a seguridade dos cidadáns que transitan entre os distintos núcleos.

Na reunión celebrada co director de Infraestruturas da Xunta de Galicia o pasado mes de xullo, desde o Concello de Oleiros sinalouse necesaria a colaboración entre as tres administracións para a realización deste novo tramo de carril para bicicletas. Na mesma reunión, o Goberno local fixo entrega oficial dos terreos doados para a mellora polos veciños e veciñas así como das actas de cesión urbanística.

Oleiros recupera o seu mobiliario público

◆ O Concello contratou temporalmente pintores para conservar o inmenso patrimonio de mobiliario público. Bancos, marquesiñas e papeleiras que se atopan deterioradas polo paso do tempo, ou en ocasións por actos vandálicos, están sendo recuperados.



O Concello insta un novidoso servizo telemático de recepción de facturas ▼

◆ O Concello de Oleiros, continuando coa súa política de instauración dunha administración electrónica eficaz, habilita un novo servizo para a recepción, por vía telemática, e posterior rexistro automático de facturas electrónicas emitidas por provedores.

Poderán utilizar este innovador servizo todos os provedores do Concello de Oleiros que sexan capaces de xerar e asinar as súas facturas, empregando o formato estándar establecido para a factura electrónica. Non obstante, o Concello de Oleiros resérvase a facultade de denegar o rexistro de facturas electrónicas a unha persoa ou entidade, mediante unha resolución motivada, cando se verifiquen irregularidades reiteradas na confección e remisión de facturas electrónicas recibidas.

Deste xeito, o Concello de Oleiros adiantase á entrada en vigor da Lei 25/2013, que impulsou a factura electrónica e a creación do rexistro contable das facturas no Sector Público e que será de obrigado cumprimento a partir do próximo 15 de xaneiro de 2015. Oleiros é un dos primeiros municipios en adaptarse a esta nova norma.



Máis de 5.500 consultas na oficina de información turística de Santa Cristina



◆ O punto de información turística instalado en Santa Cristina rexistrou desde o pasado mes de xuño máis de 5.500 consultas. Esta oficina, que abre durante o período estival, está atendida por unha técnica de turismo contratada polo Concello para desenvolver as tarefas de información e dinamización das distintas posibilidades e atractivos do noso municipio. O perfil dos turistas visitantes durante esta época do ano é moi diverso, pero a maioría dos solicitantes de información proceden de puntos de España de fóra de Galicia. Entre o público internacional, as nacionalidades europeas, como a francesa e alemá son as que máis utilizan este servizo. Esta oficina permanecerá aberta de martes a sábado ao longo deste mes tanto en horario de mañá como de tarde.

O portal web municipal muda o seu deseño ►

◆ Oleiros estreou un novo deseño do seu portal web municipal. Os usuarios e usuarias desta plataforma informativa e administrativa gozan xa dun novo aspecto que simplifica a navegación e a converte en máis intuitiva. O redeseño do portal web municipal responde á necesidade de adaptar o espazo aos canons actuais. Deste modo, respectando a estrutura, apostouse por unha imaxe máis visual, cun maior protagonismo da fotografía, e cun cambio de cor e tipografía para facelo máis atractivo. Así mesmo introduciuse o uso de redes sociais, para xerar efectos virais e alcanzar maior difusión da información pola propia acción do usuario.

Tamén se creou unha nova canle de vídeo que permite a carga inmediata de vídeos sen necesidade e intermediarios externos ao Concello. Por último e como grandes novidades, apostouse por un menú despregable na parte superior do portal, a creación dunha axenda de eventos cunha forte carga visual e a posibilidade de continuar a navegación con links aos departamentos. Así mesmo, creouse un novo espazo específico de descarga de formularios que facilita a xestión das persoas usuarias.



■ O redeseño do portal web municipal facilita a relación dos usuarios e usuarias coa administración

O Concello levou a cabo unha avaliación cidadá dos servizos municipais ▼

◆ O Concello de Oleiros, unha vez máis, realizou unha consulta entre diversos veciños e veciñas de todas as localidades para coñecer a súa opinión sobre os servizos municipais que se están prestando e que afectan a áreas como infraestruturas viarias, equipamentos, servizos sociais, cultura, deportes ou educación. Tamén parques e xardíns, casas do pobo, policía local, servizo de urxencias, etcétera.

Os veciños consultados, ademais de facer as súas respectivas valoracións, deron a súa opinión sobre melloras a realizar. Así mesmo aproveitaron para sinalar os temas que lle preocupan e que afectan á vida do concello, como son a mellora de camiños, a limpeza viaria ou a adecuación de parques infantís. Ademais, destes temas, son moitos os veciños e veciñas que sinalan malestar pola presenza de maleza en fincas lindeiras, aínda que non se trate dun tema de competencia municipal. Destaca en xeral o recoñecemento aos servizos, sociais, culturais, deportivos e educativos, así como a atención recibida polos cidadáns por parte dos traballadores municipais.

O Goberno local toma nota das inquedanzas para intentar solucionarlas no menor tempo posible. Así mesmo, agradece todas as valoracións e críticas realizadas.

■ Na táboa destácanse algunhas das actividades valoradas polos veciños e veciñas de Oleiros na avaliación de servizos levada a cabo polo Concello. As actividades deportivas, culturais e educativas, así como as destinadas a mozos e mozas alcanzaron unha moi boa valoración. Do mesmo xeito, equipamentos como as casas do pobo e o traballo levado a cabo en materia de medio ambiente ou seguridade cidadá tiveron unha cualificación alta.

■ Valoracións destacadas:

Actividades para mozos e mozas						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
42	191	9	4	8	90	347
12,1%	55%	2,6%	1,2%	2,3%	25,9%	100%

Actividades culturais						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
73	230	8	3	3	30	347
21%	66,3%	2,3%	9%	9%	8,6%	100%

Casas do pobo						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
56	188	16	5	1	81	347
16,1%	54,2%	4,6%	1,4%	0,3%	23,3%	100%

Actividades deportivas						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
56	193	14	6	1	77	347
16,1%	55,6%	4,0%	1,7%	3%	22,2%	100%

Seguridade cidadá						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
34	262	33	10	3	5	347
9,8%	75,5%	9,5%	2,9%	9%	1,4%	100%

Medio ambiente						
Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	NS/NC	TOTAL
72	225	27	4	4	15	347
20,7%	64,8%	7,8%	1,2%	1,2%	4,3%	100%

O Goberno local rexeita a subida catastral no municipio



◆ A Facenda do Estado, a través da Xerencia de Catastro, segue pretendendo revisar á alza os valores catastrais do Concello de Oleiros por entender que estes están desfasados, posto que a última revisión efectuouse no ano 1997. Nesta subida incrementouse o 100% do valor, o que provocou que o Concello impugnara o devandito incremento, obrigando ao Ministerio de Facenda a efectualo de forma gradual cunha subida dun 10% anual durante dez anos, ata 2007.

Deste xeito, a revisión real data de 2007, último ano no que se aplicou un incremento do valor. Ademais, a raíz da crise, no pasado 2012, o Goberno de Madrid incrementou os valores de forma xeral en todo o Estado nun 10%. É dicir os valores de Oleiros están axustados á realidade, máis aínda considerando que a crise económica afectou especialmente ao sector inmobiliario. Por todo isto, o Goberno local de Oleiros opónse totalmente a calquera revisión á alza.

O castelo de Santa Cruz acolle un obradoiro de fotografía impartido por Gabriel Tizón ▼

■ *Baixo o título «Compromiso coa mirada», o fotógrafo analizará os límites éticos na fotografía documental e no fotoperiodismo*

◆ O Concello de Oleiros, a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade do que é socio fundador, organiza un obradoiro de fotografía impartido por Gabriel Tizón. A "clase maxistral" con este reputado profesional celebrarase o próximo xoves 25 de setembro ás 20 horas no Castelo de Santa Cruz. Baixo o título 'Compromiso coa mirada', as sesións parten da análise de traballos realizados en diferentes países e na nosa contorna, para avaliar ata onde se pode chegar coa cámara na vida das persoas.

Alén de nocións básicas sobre composición, tratarase de educar a mirada para destacar o motivo da fotografía e o seu obxectivo, ademais de propoñer novos soportes expositivos. Terase en conta a visibilización de diferentes realidades e onde comeza o compromiso da autora ou autor con elas. Gabriel Tizón ten experiencia en distitas zonas do mundo e a súa obra foi recoñecida con diversos galardóns. Na actualidade traballa para El País, distintas axencias de noticias e participa nun proxecto fotográfico para o Goberno de Brasil a través de Brasilia Sem Fronteiras e a USC.



Imaxes con Fondo, un concurso que anima á reflexión

◆ Chega a segunda edición do certame Imaxes con Fondo. Un concurso fotográfico organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que convida á reflexión arredor da nosa responsabilidade na construción dun mundo máis xusto. Cambia, reivindica e constrúe é o lema do apartado para persoas adultas, no que se buscan imaxes que reflictan como determinadas prácticas das sociedades do Norte inciden negativamente sobre os pobos do Sur, contribuído así a concienciar sobre os efectos da globalización. Pola súa parte, a categoría xuvenil, titulada A solidariedade dá sentido ás nosas vidas, poderán presentarse fotografías que amosen actitudes solidarias na nosa contorna ou ben que denuncien a insolidariedade.

Na categoría de persoas adultas, o primeiro premio será unha viaxe a Nicaragua co fin de realizar un traballo fotográfico sobre os proxectos apoiados polo Fondo. A sección xuvenil, dirixida a mocidade de entre 14 e 17 anos, está dotada cunha cámara réflex. O prazo para presentar os traballos remata o próximo 15 de novembro. Pódese consultar as bases completas na páxina web do Fondo ou a través do portal web municipal, na sección de Cooperación.

A Fábrica será escenario dun acto informativo sobre o proceso de privatización da sanidade pública ▶

◆ O Centro cultural A Fábrica do Concello de Oleiros acolle o próximo mércores 24 deste mes un interesante acto en defensa da sanidade pública. Este simposio será impartido por Manuel Martín García, presidente da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública (FADSP) e portavoz da plataforma SOS Sanidade Pública.

Ante o retroceso que está a sufrir a nosa sanidade pública, e ante o desmantelamento encuberto do sistema, o Goberno local considera importante e necesario informar a cidadanía do que está a acontecer. Así mesmo é necesario informar da privatización que se está a facer ás agachadas de todo o noso sistema de saúde, que de non deter este proceso, desembocará nunha sanidade para ricos e outra para pobres. Se estás interesado en ampliar información sobre este proceso o consultar algunha dubida podes facelo a través do correo electrónico deste colectivo, defensasanidade@gmail.com.



Oleiros recolle medicamentos para enviar a Palestina

◆ O Concello de Oleiros leva a cabo ata o próximo día 30 de setembro unha campaña de recollida de medicamentos para enviar á franxa de Gaza. O depósito do material pódese realizar a través dos edificios municipais e das farmacias do municipio, que están servindo como lugares de depósito e como puntos de asesoramento respecto dos fármacos demandados. Os bens máis necesarios nestes momentos son os produtos antibióticos, analxésicos, pomadas para as queimaduras, material cirúrxico en xeral, así como vendas, gasas e muletas.

O Concello pechou as contas de 2013 cun superávit de 3,5 millóns de euros



O Goberno local amortizará un crédito de 931.721 euros con parte do superávit acadado o pasado exercicio

◆ O Concello de Oleiros pechou as contas de 2013 cun superávit de 3,5 millóns de euros. Este superávit débese a unha boa xestión dos servizos tributarios do Concello en relación a diversos expedientes de morosidade no pago de contribucións especiais de distintas obras de urbanización. Engadido a isto, o incremento de taxas aboadas por varias empresas de servizos de telecomunicacións, abastecemento eléctrico, gas ou novas tecnoloxías, que ampliaron as súas redes de distribución por gran parte do municipio tamén repercutiu positivamente nas arcas municipais.

O Goberno municipal ten previsto presentar unha modificación de crédito no pleno deste mes para afrontar con este superávit

obras de mellora dos servizos municipais, así como amortizar un préstamo solicitado durante o pasado exercicio para proceder ao pago de provedores, segundo marcaba o Real decreto 4/2012, no que o Goberno da Nación impoñía aos concellos un prazo determinado para aboar as facturas recoñecidas.

Con ese crédito de 931.721,87 euros, o Concello liquidou todas as facturas presentadas ata o 31 de marzo de 2012. As condicións para a contratación deste tipo de créditos foron fixadas polo propio Ministerio de Facenda, quen determinou un tipo de interese do Euribor máis un diferencial do 6%. Porcentaxe moi superior ao afrontado polas distintas entidades financeiras na adquisición dese diñeiro.

Hai que recordar que o Goberno de España solicitou financiamento ao Banco Central Europeo e que logo puxo este diñeiro en circulación a través dos bancos, que o prestaron aos municipios ao tipo de xuro do mencionado 6%. A boa situación da economía municipal no presente exercicio leva agora ao Goberno local a tomar a decisión de amortizar definitivamente este préstamo.

Outra parte do superávit será destinado polo Goberno municipal a financiar diversos investimentos, principalmente destinadas a mellorar os servizos existentes como son a renovación da rede municipal de abastecemento de auga, a rede viaria, a ampliación da piscina de Perillo ou a mellora de parques públicos.

As principais obras nas que se investirá o diñeiro

Mellora da rede de abastecemento de auga en varios puntos do municipio ▼

◆ O Concello renovará a rede de abastecemento de auga no tramo que desde Perillo abastece á localidade de Santa Cruz a través da avenida Che Guevara. Este tramo supera os 30 anos de antigüidade e nos últimos tempos está sufrindo diversas roturas que causan molestias nas localidades que se nutren deste colector.

Así mesmo, renovarase o tramo que desde Montrove, a través da rúa Salvador de Madariaga ata O Seixal, subministra a unha importante zona da parroquia de Nós. A raíz da ampliación da calzada nesta vía as roturas están sendo continuas. Motivo polo cal o Concello procederá á súa renovación.



A piscina de Perillo será ampliada e mellorada ▼

◆ O Concello solicitou ao presidente da Deputación provincial a colaboración económica para a ampliación da piscina municipal situada no alto de Perillo. Esta instalación xa foi construída no seu día polo ente provincial. O complexo deportivo é o máis antigo dos catro que dispón o Concello e xa no momento da súa inauguración observáronse algunha anomalía e varias carencias, como os problemas co aire acondicionado, o espazo reducido nos vestiarios ou falta de acceso á planta soto onde se aloxa a maquinaria das instalacións.

Estas obras, cuxo orzamento é duns 654.000 euros, será cofinanciada por ambas administracións, segundo lle transmitiu o presidente provincial ao alcalde na reunión mantida. Nesta xuntanza a Deputación ofreceu a máxima colaboración para mellorar esta instalación do noso concello que na actualidade utilizan máis de 3.000 usuarios e usuarias.



Marcada en cor verde, a zona de nova construción que se prevé no proxecto de ampliación da piscina municipal de Perillo

O Concello mellorará os parques infantís ▼



■ Vista da zona de xogo no parque da Capela, un dos equipamentos que será mellorado polo Concello

◆ A área de servizos do Concello realizou un estudo sobre o estado de conservación e necesidades dos 62 parques infantís cos que conta o municipio co obxectivo de proceder ao seu mantemento coa contratación das obras necesarias e a reposición de todos os elementos deteriorados con parte desde superávit.

O Goberno local abrirá unha nova rúa entre a urbanización Mesón do Auga e a vía Manuel Murguía ▼

◆ A futura rúa que está prevista abrir polo Ministerio de Fomento desde Manuel Murguía ata a urbanización Mesón do Auga, e incluída no proxecto de obras do núcleo do Carballo, atópase paralizada. Dado o alto tránsito que esta zona rexistra e que afecta aos residentes de ambas zonas, o Concello procederá á contratación da apertura da devandita vía. Deste xeito, mellorarase sensiblemente a seguridade viaria dos residentes neste núcleo.



Oleiros *na* Memoria

Traballo realizado polas
persoas participantes nos
obradoiros de memoria
organizados polo
Concello de Oleiros



Imaxe do famoso autobús A Nosa Terra ao que fai referencia o artigo



Foto dunha nena na avenida Miguel Hernández, no Carballo, onde se poden ver as vías do tranvía que ía a Sada

O transporte por terra

Os autobuses

◆ Nos anos 40 non había coches, por Cabreira pasaba o coche das Labartas ou de Pardo de Andrade que conducía Paco o Margarito de Lorbé e o de Xelo de Breixo. Andabamos a todos os lugares, a traballar, cargábase moitos quilómetros con leite, peixe ou produtos da horta. Neste tempo ir en autobús era un luxo. Para ir á feira de Oleiros desde Mera había un autobús que se chamaba La Luna, xa máis tarde no ano 1955 entrou a funcionar a liña de autobuses Eliseo Pita, tamén existía a empresa López que viña de Sada e A Nosa Terra que empezaba o percorrido nos Tornos por Santa Cruz ata Coruña.

A Nosa Terra era dunha familia de Perillo que se chamaba Ponte, o seu primeiro coche era todo de madeira con asentos só no centro e chamábase "O queimado". Despois tiveron máis coches "O federal", o Keneddy e o "Kruschev" tamén chamado "o ruso", este era un autobús da marca Barreiros. Foron cobradores destes autobuses Bartolo pai e fillo, e tamén Torres. No autobús íamos moitos, uns enriba e outros abaixo, a algún agarrados por fóra. Para subir a costa de Santa Cruz o coche non podía e tiña que baixar a xente e empurralo. Moitas veces ao chegar á Pasaxe o cobrador saía para pechar a porta desde fóra e volvía a entrar pola fiestra.

Antes da Nosa Terra, en Santa Cruz houbo outro coche que se chamaba "el dodge", lembran que era de cor gris e moi bonito, e era conducido por Manolo e Pequecho de Lóngora.

Tamén nesta zona facía o percorrido a empresa López que viña desde Sada, nela traballaba unha persoa coa que todos nos sentíamos moi a gusto, chamábase Elías, era un home moi simpático, moi aberto, que sempre que subíamos ao autobús berraba -"pasen y siéntense" e cando entraba unha moza berraba - "caballeros una señorita", como os asentos estaban ocupados polos obreiros moi cansos do traballo ninguén se levantaba, entón Elías berraba - "señoritas aquí no hay caballeros".

No ano 1960 deixan de funcionar estas empresas e comezan os autobuses da empresa Cal Pita que segue na actualidade.

O tranvía

No ano 1915 o enxeñeiro Coruñes Yordi de Carricarte elaborou o proxecto da liña de tranvías de Coruña a Sada. As obras empezaron en 1920 e se fixeron en dúas etapas, primeiro de Coruña a San Pedro (1920) para ampliála en 1922 ata Sada. En xullo de 1920 inaugurábase ata San Pedro, e oficialmente o 31 de decembro de 1922 a liña completa a Sada.

Cando colocaron o tranvía as cocheiras estaban no Carballo, onde está agora o colexio Cristo Rey, alí tamén se atopaban os talleres e a vivenda do xefe de estación que se chamaba sr. Núñez.

En 1928 empezaron a funcionar os coches número 60-61 os famosos Siboney, nesta época cobraban 20 céntimos para os viaxeiros de primeira e 15 céntimos para os obreiros, os prezos chegaron a cobrarse nos anos 40 a 1.20 pesetas para os de primeira e 80 céntimos os de segunda.

O primeiro tranvía saía de Coruña ás 5:00 da mañá e as 6:25 de Sada, o percorrido completo leváballe dúas horas e nalgunha ocasión con algunha incidencia como cando regresabamos do baile e os mozos sacábanlle o aire ao tranvía quedando parado. Unha vez rompeuse a ponte do Burgo e tiñamos que baixar nun lado da ría, pasar por unas táboas que facían de ponte, e coller outro tranvía no outro lado.

No tranvía ademais do maquinista e o cobrador traballaba o limpa vías, lembramos ao Sr. Andrés de Nós que facía este traballo, percorría as vías limpándoas de obxectos que puidesen atrancar o paso dos vagóns.

Estivo funcionando ata que no ano 1951 empeza a estudarse o cambio e entran a circular o 21 de novembro de 1956 polo mesmo recorrido os autobuses.

Empeza o novo curso de actividades ocupacionais



■ Imaxe do grupo participante na exposición colectiva na Casa Charry das alumnas dos cursos de pintura

◆ A Concellería de Servizos Sociais desenvolve desde hai anos os cursos de actividades ocupacionais, un amplo programa onde todas aquelas persoas maiores de 16 anos poden ocupar o seu tempo de lecer a través de actividades artísticas.

Pintura, tapices, encaixe de palillos, manualidades e costura son os cursos que conforman estes "Obradoiros de expresión artística e artesanal" que se desenvolven en instalacións municipais nalgunhas parroquias.

A partir do día 1 de setembro poderanse consultar as prazas libres que hai en cada un dos cursos, posteriormente, todas aquelas persoas que estean interesadas en solicitar unha praza poderán facelo do 8 ao 12 de setembro.

A solicitude de praza poderá facerse en persoa, nas oficinas de Servizos Sociais, ou ben a través da web municipal, no apartado de sede electrónica.

Ao longo do curso pasado 220 persoas participaron nestas actividades, que en moitas ocasións se trasladan máis aló das aulas, como a exposición de pintura colectiva que fixeron no mes de maio ou as excursións e asistencia das alumnas de encaixe de palillos a distintos encontros e mostras. Unha mostra máis de que se acada un dos obxectivos que teñen todas as actividades municipais, que a xente se relacione e participe de forma activa no seu entorno.

Aberto o prazo de solicitude para as axudas da Fundación Paz y González ▼

◆ Durante todo o mes de setembro, os veciños e veciñas da parroquia de Iñás, poderán solicitar no Departamento de Servizos Sociais información sobre as axudas que a Fundación Paz y González ten para aquelas persoas desta parroquia que se atopan en situación de precariedade económica.

Durante o ano pasado máis de 15 familias víronse beneficiadas por estas axudas para cubrir tanto necesidades básicas como arranxos imprescindibles na súa vivenda habitual, pago do aluguer, compra de equipamento básico ou educación dos menores.

Estase a estudar coa Fundación Paz y González a posta en marcha dunha actividade formativa dirixida a aquelas persoas veciñas da parroquia, sen emprego e con dificultades na inserción laboral, co fin de mellorar a súa empregabilidade e competencias a todos os niveis e facilitar o seu acceso ao mercado laboral.



Voluntariado
de Oleiros

VEN E

este outono
proxectos novos

Máis información en Servizos Sociais

981 610 000 | Concello de  Oleiros


O Club dos Leóns de Oleiros concede tres bolsas para estudos

◆ O Club dos Leóns de Oleiros concedeu tres bolsas para estudos de 500 euros cada unha a tres rapaces do municipio. Con estas axudas o colectivo quere recoñecer o expediente académico destes tres estudantes que neste novo curso comezarán a súa formación universitaria. Os bolseiros son Diana Marcela Noriega Cobo, do IES María Casares, Francisco Álvarez Ron, do IES Neira Vilas, e Luís Martínez Veira, do IES Miraflores.

A segunda edición do Programa de reforzo e apoio escolar municipal comeza o próximo 1 de outubro ▼

◆ Durante o pasado curso 2013-2014, coa colaboración dos centros educativos de primaria e secundaria o Concello puxo en marcha o seu Programa de reforzo e apoio escolar municipal, cun obxectivo fundamental de previr o fracaso escolar entre os nosos escolares e cunha finalidade de favorecer a igualdade de oportunidades do alumnado pertencente a familias de baixo nivel socioeconómico.

Tendo en conta a boa acollida desde os centros educativos como das familias participantes no programa, así como os obxectivos que o alumnado participante foi acadando, no mes de outubro dará comezo PRAEMO. Esta actividade terá lugar os luns, martes e mércores para o alumnado de primaria e os mércores, xoves e venres para o de secundaria. Os lugares destinados para esta actividade será a Casa da Cultura de Perillo, a casa do pobo de Nós e o local social de Rialta.



Oleiros celebra este mes o V Ciclo de Teatro Xuvenil

■ No mes de setembro terá lugar unha nova edición do ciclo de teatro xuvenil, que ten por obxectivo dar a coñecer o traballo teatral das compañías xuvenís de Oleiros e a comarca. O Ciclo de Teatro Xuvenil, terá lugar no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera ás 20:30 horas. A programación é a seguinte:

● **13 de setembro:**
“Noite de amor e troula”
do grupo de Teatro Arjé.



● **6 de setembro:**
“Las esposas alegres de Windsor”
do grupo de teatro e danza El Ruiseñor.



● **20 de setembro:**
“Romeo e Julieta”
do grupo de teatro Noite de Bohemia.



O programa municipal de actividades complementarias, un plus de calidade para o noso sistema educativo ▼

◆ Neste curso 2014-2015 o Goberno local de Oleiros, segue co seu traballo de apoio á educación e formación dos nenos e nenas oleirenses, apostando por un sistema educativo de calidade, público e gratuíto. Deseñando unha serie de programas onde a solidariedade, a tolerancia e a igualdade son os valores fundamentais nos que se asentan as distintas actividades que ofrecemos aos centros educativos para levar a cabo en horario lectivo e como apoio ao traballo diario do profesorado.

As distintas concellerías que día a día traballan co alumnado levarán a cabo un amplo abano de actividades educativas onde o obxectivo final é a formación dos nosos nenos e nenas, da nosa mocidade. Actividades que van desde actividades de promoción da lectura, Educación ambiental, con programas como hortas escolares ou Coñecer Oleiros, programa complementario de educación física, educación para a saúde, educación en valores.



Comeza un novo curso con aumento de matrículas en música e danza ▼

◆ O curso 2014 - 2015 comeza cun incremento importante de alumnado nas dúas escolas municipais, reflexo do bo facer do claustro de profesores e dos espazos únicos e específicos que ten cada escola. A Escola Municipal de Música ofertou 74 prazas, tendo unha demanda de 160 solicitudes de novo ingreso, cubríndose a totalidade da oferta. Dado o alto número de solicitudes que quedaron en lista de espera, abríronse novos grupos que permitirán acoller ao redor de 410 alumnos. A gran novidade deste ano foi o Programa "Coñece a Túa Escola de Música" aos centros de educación de infantil e primaria do concello, o que permitiu ao alumnado ter un contacto directo cos instrumentos menos coñecidos, feito que se reflectiu na demanda de prazas.

A Escola de Danza acadou un total de 120 solicitudes de novo ingreso permitíndonos chegar aos 300 alumnos e alumnas. Para o curso 2014 - 2015 iniciárase o programa "Coñece a Escola a Túa Escola de Danza" co que se pretende que o alumnado dos Centros Educativos de Oleiros poidan ter un contacto directo con esta disciplina artística, non só como espectadores, senón coma pequenos artistas.



■ O curso 2013 - 2014 estivo cheo de novas incorporacións, novas experiencias e sobre todo, novos e magníficos espectáculos que puxeron en valor o gran potencial artístico do alumnado das escolas municipais de Música e Danza. Alumnado que demostrou que Oleiros posúe un importante elenco de artistas

O programa Andares por Galicia retoma a actividade ▼

◆ Despois dun pequeno descanso en verán, retómanse as rutas de sendeirismo clásico e de montaña que se agrupan nos programas Andares por Galicia e Oleiros polo Monte. Dúas propostas de sendeirismo coas que se pretende achegar a natureza, a montaña a xuventude de Oleiros. As últimas rutas deste ano 2014 son:

- **Pico Catoute:** 6 de setembro. (14'10€ empadroados / 23'50€ non empadroados)
- **Río Mao:** 4 de outubro. (16'30€ empadroados / 20'40€ non empadroados)
- **Devesa da Rogueira e magosto:** 15 de novembro. (16'30€ empadroados / 20'40€ non empadroados)



O local de ensaio a disposición dos nosos grupos na Fábrica ►

◆ O pasado mes de maio o Centro de Información puxo en marcha o local de ensaio no centro cultural A Fábrica, un espazo equipado co material musical e aberto de luns a venres de 16:00 a 22:00 e o sábados de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas. Un lugar para mozos e mozas que formen parte dun grupo musical ou sexan solistas.

Poden presentar solicitudes aqueles rapaces e rapazas solistas ou en representación dun grupo musical, con membros empadroados no Concello de Oleiros. As solicitudes poderán descargarse a través da web municipal ou recollelas no Centro de Información Xuvenil, na Fábrica.



Arranca unha nova edición do Programa complementario de educación física ▼

◆ O Concello de Oleiros, a través, do Servizo Municipal de Deportes volve a poñer en marcha desde o próximo mes de outubro e ata o mes de xuño, o seu Programa complementario de educación física para os centros de ensino público de Oleiros.

Este programa, que conta cun investimento de preto de 20.000 euros, está dirixido ao alumnado dos centros de ensino público do concello, e o seu obxectivo é complementar á propia materia de Educación Física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de educación física non poderían realizar por si mesmos. Deste xeito, entendemos que desde o propio Concello, ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada, estamos a fomentar o coñecemento de actividades e instalacións municipais que o municipio de Oleiros ten á disposición da comunidade escolar e veciños en xeral.

Así, as unidades didácticas a programar inclúen as actividades de escalada deportiva no pavillón municipal de Bastiagueiro, surf e body-board no náutico de Bastiagueiro, o remo e o kaiak de mar na Fábrica. Precisamente estas dúas últimas actividades serán as primeiras en realizarse.



A natación como sinal de identidade ▼

◆ O próximo mes de outubro, máis de 500 rapaces e rapazas do municipio participarán na actividade acuática de natación escolar organizada polo Concello de Oleiros. Este programa, convertido xa nun sinal de identidade da política do Goberno local, lévase a cabo nas piscinas municipais da Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda. Neste programa, de carácter anual, realízase unha sesión semanal durante todo o curso académico, coincidindo co propio calendario escolar. Existen dous niveis distintos enfocados aos distintos grupos de idade, infantil e primaria.

O obxectivo do programa de actividade acuática infantil é contribuir ao desenvolvemento integral dos escolares como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas, así como contribuir á maduración de neno/a en varios eidos: cognitivo, perceptivo-motriz, expresivo-comunicativo, afectivo e de relación cos demais. Pola súa parte os eixos básicos da actividade acuática para primaria son contribuir ao desenvolvemento das habilidades e destrezas motrices básicas para conseguir un dominio corporal e postural; coñecer a práctica da actividade acuática como unha saída máis para o ocio e o tempo libre.



Un total de 50 rapaces participan na Escola Municipal de Hóckey

◆ Comeza o segundo ano escolar da Escola Municipal de Hóckey a patíns. Neste curso serán 50 nenos e nenas os que participarán na actividade. Un deporte que empeza a coller forma en Oleiros e que conta xa con numerosos pais e nais interesados en crear un club no municipio, de feito durante o pasado curso escolar, os alumnos/as da escola xa participaron nunha liga de carácter escolar e participativo con outros colexios e escolas da provincia.

A formulación didáctica que os técnicos deseñaron para a nova escola está baseada na iniciación a este deporte desde o 5 aos 9 anos, onde a adquisición da destreza da patinaxe e as habilidades propias do xogo estarán dirixidas por profesores con ampla experiencia e formación.

O oleirense Manel Viladóniga, campión de España en esgrima por cuarto ano consecutivo



◆ O oleirense Manel Viladóniga, campión de España en esgrima por cuarto ano consecutivo. Villadóniga, técnico e esgrimista do 100tolos de Oleiros fíxose co ouro de florete e co número uno do ranking nacional. Seguidamente logrou a prata de espada na que venceu o burgalés Roberto Codón. Gran tempada deste esgrimista que hai pouco conseguía o ouro no campionato galego absoluto de florete. Manel leva catro anos consecutivos acadando un título no campionato de España de veteranos.

O remeiro Joaquín Montero, convocado coa selección española



◆ O remeiro Joaquín Montero Gómez, do Club Regatas Salgado-Perillo, formou parte do equipo de Dobre scull na categoría sub-23 que competeu no Campionato do mundo da modalidade celebrado en Barese, Italia. Joaquín é unha das novas perlas do Club de Regatas de Perillo e esta tempada obtivo a medalla de bronce no skiff sub-23 no Campionato de España de remo olímpico.

Brenda Romero, campioa galega de ximnasia rítmica

◆ A oleirense Brenda Romero proclamouse campioa galega infantil de ximnasia rítmica en corda e mazas. Ademais esta moza de Mera tamén quedou novena na competición nacional escolar celebrada o pasado mes de xuño. Brenda deu un gran paso adiante na súa formación como ximnasta nesta última tempada e é xa unha promesa galega deste deporte.



A Fábrica acollerá un concerto de fados en galego

◆ A Fábrica recibirá o vindeiro 31 de outubro de 2014, ás 21.00 h un concerto de fados en galego para público de todas as idades, neste poderase gozar da música en galego a través dun coidado espectáculo no que Gonçalo Guerreiro porá a voz e que Dani Pais enriquecerá coa súa participación dixital e musical. Esta actuación, que está organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello, mostra que calquera tipo de música pode facerse na lingua propia de Galicia.

As cantigas, acompañadas de guitarra eléctrica e de pedal de loops, así como de sedutores xogos de iluminación, gardan o seu encanto orixinal, pero gañan unha dimensión contemporánea e singular que seduce tanto os mozos coma os non tan mozos. Deste xeito, o espectador mergulla nun universo rítmico e melódico que viaxa do divertimento á nostalgia, do rock á canción de amor, do pop á música tradicional, sen nunca deixar de ser fado.



Regresa A hora do conto ás bibliotecas municipais



◆ Unha tempada máis, as bibliotecas municipais de Oleiros organizan a actividade da Hora do conto. Entre os meses de outubro a decembro realizaranse decenas de sesións de contacontos dirixidas a nenas e nenos menores de 10 anos. Na Biblioteca Central Rialada, sita en Perillo, e na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz levaranse a cabo sesións de contacontos específicas para nenas e nenos de 1 a 4 anos e outras para maiores de 4 anos e nas demais bibliotecas estarán dirixidas a nenas e nenos menores de 10 anos.

A través de narración ou dramatización dun ou varios contos, cun enfoque lúdico e unha vivencia activa e participativa cos libros, fomentando a imaxinación e a creatividade. Os obxectivos que se intentan conseguir son que as nenas e nenos participantes se divirtan escoitando contos, facer novas lectoras e lectores ou consolidarlles este hábito, que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura e que vivan o libro en colectividade xunto con outras nenas e nenos.



Oleiros organiza o concurso Cartas aos Reis Magos

◆ O Servizo de Normalización Lingüística organiza un ano máis o concurso das cartas aos Reis Magos. Coa colaboración dos centros de ensino cada clase de sexto de infantil e primeiro de primaria deseñará unha carta aos Reis Magos, integramente en galego. Das cartas reunidas escollerase unha que será valorada atendendo á presentación, á orixinalidade e ao emprego correcto do galego. A carta gañadora imprimirase para todos os nenos e as nenas do Concello. Con esta actividade promóvese que os nenos e as nenas escriban en galego, á vez que se fomenta o uso da lingua na época do Nadal.

As tertulias literarias, unha actividade para os amantes da lectura

◆ O próximo mes de outubro arranca a nova edición das tertulias literarias que o Concello organiza nas bibliotecas municipais de Perillo e Santa Cruz. As persoas que desexen apuntarse nesta actividade poderán facelo a partir de mediados deste mes a través do portal web municipal, por teléfono ou de forma presencial en ambos centros. Poden participar todas as persoas maiores de 16 anos que o desexen.

Na Biblioteca Central Rialada, en Perillo, realizaranse sesións quincenalmente, os mércores, ás 17.30 horas na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz serán quincenalmente, os luns, ás 18.30 horas. Nestas actividades realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén se le poesía, teatro e ensaio, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura. O principal obxectivo é animar a ler a través da propia lectura.



A Feira do mel cumpre 25 anos



◆ A tradicional Feira do mel que o Concello de Oleiros celebra o primeiro domingo de novembro nas inmediacións do mercado de Perillo cumpre 25 anos. Esta festa gastronómica, reunirá, como vén sendo habitual, os principais apicultores de Galicia e de toda España. Durante esta edición conmemorativa da mostra, aqueles que o desexen poderán comprar e degustar todos os seus produtos apícolas, desde o tradicional mel ata cremas estéticas. O programa desta festiva xornada dominical complétase cunha serie de actividades de ocio que se prolongarán desde primeira hora da mañá ata última hora do día. Así mesmo non faltarán as actuacións musicais.




O García Márquez acolle a mostra final do obradoiro municipal de teatro

◆ O próximo venres 28 de novembro a partir das 21.00 horas o auditorio Gabriel García Márquez acollerá a mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos. Nesta cita presentárase o novo espectáculo, dirixido polos profesores Ramiro Neira e Jorge García. O público terá oportunidade de gozar co aprendido polos participantes durante os meses de ensaio no teatro das Torres de Santa Cruz. A entrada será libre, ata completar a capacidade da sala.

O xornalista Manuel Guisande impartirá tres obradoiros de escritura

◆ O Concello de Oleiros organiza para o próximo mes de outubro tres obradoiros de escritura que serán impartidos polo xornalista, escritor e guionista Manuel Guisande. As clases impartiranse na Biblioteca e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro, no centro cultural As Torres, en Santa Cruz. Os obradoiros son de balde e as prazas limitadas. Guisande é un mestre na formación e divulgación literaria. Ademais dun contratado creador literario desenvolveu gran parte da súa vida profesional como redactor en La Voz de Galicia. A adxudicación das prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición. As xornadas que se celebrarán son as seguintes:



● **Obradoiro de guión teatral** (maiores de 18 anos)
Martes 7 e martes 14 de outubro, de 17.00 a 18.00 horas.

● **Obradoiro "como escribir un conto"** (Idades recomendadas: de 8 a 12 anos) Xoves 9 e xoves 16 de outubro, de 17.00 a 18.00 horas.

● **Obradoiro "como escribir un relato"** (Idades recomendadas: de 13 a 17 anos) Xoves 9 e xoves 16 de outubro, de 18.30 a 19.30 horas.

O obradoiro de olería retoma a actividade tras o parón do período estival

◆ O próximo mes de outubro, o obradoiro de olería tradicional retoma a actividade. As clases desenvólvense no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz os luns e martes de 18.30 a 20.30 horas. Este curso ten por obxectivo que só alumnos e alumnas coñezan todo o proceso de creación dunha peza de barro, desde o moldeado ata a cocción, pasando pola pintura. Así mesmo, amosará as diferentes técnicas e formas de tratar o barro.

O teatro e a música enchen a axenda cultural para o último cuadrimestre do ano ▼

■ O Concello de Oleiros programa para os últimos meses do ano unha interesante oferta teatral e musical con contidos deseñados para cubrir todo tipo de tendencias. Os espectáculos teatrais e os concertos programados terán lugar nos dous epicentros culturais do municipio, o auditorio Gabriel García Márquez de Mera e o auditorio do centro cultural A Fábrica, en Perillo.

Setembro

- **Sábado 27 de setembro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía teatral Áncora Producións, presenta o seu espectáculo "Snakizados", de Gustavo Pernas Cora baixo a dirección de Ánxela G. Abal. Maiores de 12 anos. Prezo: 3,5 euros



Outubro

- **Sábado 4 de outubro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera.
A compañía teatral Eme2 Produción e Distribución S.L., presenta o seu espectáculo "Meu Ben", de Elaine Murphy baixo a dirección de Álvaro Lavín. Maiores de 12 anos. Prezo: 3,5 euros



- **Sábado 11 de outubro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía teatral Boneca Lareta, presenta o seu espectáculo "Sede de mal", de Carlos Santiago, Luis Iglesia B. e Xavier Deive. Maiores de 12 anos. Prezo: 3,5 euros



- **Sábado 18 de outubro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía teatral Talía Teatro, presenta o seu espectáculo "Demolición", escrito e dirixido por Cándido Pazó. Maiores de 12 anos. Prezo: 3,5 euros



- **Sábado 25 de outubro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Cándido Pazó, presenta o seu espectáculo de humor "Contos de sempre para xente de agora". Maiores de 12 anos. Prezo: 2,5 euros



Novembro

- **Sábado 15 de novembro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía teatral Lagarta, Lagarta, presenta o seu espectáculo "O país do Pato Donald", de Lagarta, Lagarta baixo a dirección de Xulio Lago. Maiores de 12 anos. Prezo: 2,5 euros



- **Sábado 22 de novembro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía Teatro Galileo, presenta o seu espectáculo "Cyrano", de Edmond Rostand baixo a dirección de Pedro Rubín. Maiores de 12 anos. Prezo: 3,5 euros



- **Sábado 29 de novembro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Carlos Blanco, presenta o seu espectáculo "Menú do día". Escrito e dirixido por Carlos Blanco. Maiores de 12 anos. Prezo: 5 euros



Decembro

- **Venres 5 de decembro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A compañía teatral Ateaco, presenta o seu espectáculo "Cóncavo-convexo", de José Luis Prieto Roca baixo a dirección de Yolanda Prieto López. Maiores de 12 anos. Prezo: 2,5 euros



- **Venres 26 de decembro** ás 18.30 horas

Auditorio C.C. A Fábrica, de Perillo
A compañía teatral Baobab Teatro, presenta o seu espectáculo "Bailando cos contos", dirixido por Óscar Ferreira e Andrea Bayer. Maiores 5 anos. Prezo: 2,5 euros



A música será a outra gran protagonista da oferta de ocio cultural

■ Os concertos musicais serán os outros gran protagonistas da oferta de ocio cultural programada polo Concello de Oleiros para estes meses.

- **Concerto do guitarrista brasileiro Fabiano Borges**

Fabiano Borges é profesor de música na Universidade de Brasilia, onde investiga o choro brasileiro. O virtuoso guitarrista interpretará coa guitarra de sete cordas obras populares de latinoamericana con insercións de elementos procedentes da guitarra flamenca.

Venres 10 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio C.C. A Fábrica, de Perillo. Entrada libre



- **O grupo de jazz Wilson and Friends achegarán o seu inconfundible son**

A formación jazzística fará un percorrido pola música cubana e os seus innumerables ritmos tomando como referencia a obra do trompetista cubano Arturo Sandoval.

Venres 17 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio C.C. A Fábrica, de Perillo. Entrada libre



- **O quarteto Turma Caipira agasallará con sons do Brasil**

A formación jazzística interpretará temas moi representativos da música popular brasileira. A banda está formada por Marga Ramos Á voz, acompañada de tres experimentados músicos todoterreo.

Venres 24 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio A Fábrica, de Perillo. Entrada libre



- **As corais do municipio celebran o tradicional concerto de Nadal**

Como todos os anos polo Nadal, o Concello de Oleiros organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitar nos o novo ano.

Domingo 21 de decembro ás 19.30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Entrada libre



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Agora que me veñan a min dicindo que o da hora non funciona!

Desde que se puxo teño onde aparcar cando vou á praia ou se me achego a Mera, Sta. Cruz ou incluso Sta. Cristina.

Eu era o primeiro en criticar o de cobrar. A ver por que vou eu ter que meter cartos nunha máquina por deixar o meu coche cando xa pago un imposto de circulación. O tempo fixo que o entendese. É máis, non ocorre como na Coruña que coa excusa de apoiar o comercio local converten en zona azul rúas que non teñen máis que dous bares, un estanco, unha parrillada, que nunca chegou a abrir, e un colexio. Iso si que é visión de futuro! Colocar as "tragaperras" antes que as tendas.

Ao final tiven que baixarme da burra e aceptar que a hora, en Oleiros, si funciona.

D. V.

Por fin!

Por fin o colexio de Nós é unha realidade. Por fin xa podemos ver as veciñas e os veciños de Nós a estrutura dun edificio tan necesario.

Tras protestas e manifestacións, tras pedir o que tanto se necesitaba, tras as falsas promesas da Xunta que pedía terreo, primeiro, e tras darllo en prazo e forma se escusaba en que chegara tarde, por fin o colexio de Nós, para todas e todos os nenos do municipio, está collendo forma.

Isto demostra, unha vez máis que a loita si serve, que o movemento veciñal non está morto. Como veciño de Nos quero darlle as grazas á AA. VV. Os Rueiros por ser canalizador das nosas protestas, por non calar, por escoitarnos, por seguir a ser o núcleo dunha parroquia que xa demostrou a súa unión coa construción dunha Casa do Pobo en tempos onde atreverse a reunir-

se xa era símbolo de resistencia.

Suso de Nós

Contra á grande alianza neoliberal para apoderarse da Sanidade Pública

As organizacións financeiras e empresariais que controlan os gobernos de Europa, España e as CCAA, están desenvolvendo dende hai tempo novas estratexias para a privatización total do sistema sanitario público (SSP) e para apropiarse dos recursos económicos que o Estado destina a saúde.

Unha poderosa alianza público-privada, que integra á industria farmacéutica e ás de tecnoloxía sanitaria e informática, está aplicando unha serie de iniciativas destinadas a facerse co control do SSP, co obxectivo de fragmentalo e poñelo ao servizo de empresas e fondos de investimento multinacionais. O obxectivos desta Plataforma Pro-Privatización son controlar a información sobre a saúde da poboación e sobre o funcionamento do SSP, controlar a planificación estratéxica, e a administración de hospitais e centros de saúde.

A idea que subxace nestas propostas é financiar con diñeiro público o negocio do sector privado. A industria sanitaria pretende "robotizar" o sistema sanitario, prescindir dos profesionais e dos coidadores e quedarse co diñeiro que o Estado e as CCAA destinan á sanidade pública.

A Xunta de Galicia apoia con firmeza esta política na que está implicada a Consellería de Sanidade e outros altos cargos da Administración. O Director Xeral de Recursos Económicos do Sergas e os xerentes de Vigo e A Coruña foron poñentes principais nos foros que defenden esta idea. Nesta estratexia perde a poboación, os enfermos e enfermas crónicos, a Atención Primaria, a Atención á Dependencia e a gran

maioría de traballadores e traballadoras sanitarios.

As organizacións que integramos sos sanidade pública comprometémonos á reversión dos servizos privatizados pola administración galega, actual e de pasado e a revogar a lexislación que favorece a privatización do sistema sanitario a través das novas formas de xestión, rexeitar o tratado de libre comercio europa-Estados Unidos que blindaría as privatizacións impedindo a súa reversión ao sistema público e reforzar a alianza cidadá e profesional na defensa da sanidade pública nas institucións europeas.

D. Manuel Martín García, Presidente da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública (FADSP) e portavoz da plataforma SOS Sanidade Pública

defensasanidade@gmail.com

Palestina

Agora, bombardear casas onde residen familias enteiras, hospitais e centros de discapacitados, recibe o nome de "combater o terrorismo". É curioso que aqueles que levan sufrindo abusos inxustificables durante tantos anos sexan os que son cualificados como tal. Supoño que aquel que ten a desgraza de nacer en Palestina, está predestinado a levar o selo de terrorista na fronte.

Dise que máis de 400 palestinos "perderon a vida". Non a perderon. Quitáronlla. E ao que non lla quitan destrúenlla. Imaxina perder a túa casa, ver morrer a túa familia. Imaxina que malia todo, tes que soportar que se diga que iso responde a unha "operación antiterrorista", que ti es a ameaza. Ti, o teu pai, a túa nai, o teu fillo.

Non está de máis recordar que non é unha situación nova. Os abusos por parte de Israel cara ao pobo palestino son cousa do día a día. E como sempre, aqueles que alardean de ser os defensores da paz, miran cara a outro lado e calan.

Silvia García (Lorbé)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	9 setembro / 8 outubro / 6 novembro
Mingua	16 setembro / 15 outubro / 14 novembro
Nova	24 setembro / 23 outubro / 22 novembro
Medra	1 outubro / 31 outubro / 29 novembro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.811 habitantes empadroados/as!

Ata o 25 de agosto, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.368
DORNEDA (San Martiño)	3.413
IÑÁS (San Xurxo)	1.216
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.069
MAIANCA (San Cosme)	1.325
NÓS (San Pedro)	4.729
OLEIROS (Santa María)	2.936
PERILLO (Santa Leocadia)	8.175
SERANTES (San Xulián)	1.580
TOTAL	34.811

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> ■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 5 ao 11 de setembro Do 21 ao 27 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 12 ao 18 de setembro Do 28 de novembro ao 4 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª DOLORES PEÑALVER BARRAL Avda. das Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 19 ao 25 de setembro Do 5 ao 11 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 26 de setembro ao 2 de outubro Do 12 ao 18 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 3 ao 9 de outubro Do 19 ao 25 de decembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 10 ao 16 de outubro Do 26 de decembro ao 1 de xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 17 ao 23 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> ■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 	Do 24 ao 30 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 31 de outubro ao 6 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 7 ao 13 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> ■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 14 ao 20 de novembro

O novo parque de Nós, un lugar único

• O Concello organiza unha romaría o 13 de setembro para que os veciños coñezan esta nova zona verde



◆ A parroquia de Nós conta cun novo parque de gran beleza e que loce árbores centenarias. Esta nova zona verde, que se coñece tradicionalmente como finca Tenreiro en alusión á antiga familia propietaria, conta cunha superficie de 32.000 metros cadrados. Parte deste terreo xa fora adquirido no seu día polo Concello para albergar o colexio que se está construíndo nas súas inmediacións. É dicir, en total tres novas hectáreas para uso escolar e de lecer.

Co obxectivo de que todos os veciños e veciñas que o desexen coñezan este novo parque público, o Concello organiza nel unha romaría popular. Unha festa na que todos os oleirenses poderán gozar da compañía nun marco incomparable achegándose coa súa comida. A cita será o vindeiro sábado 13 de setembro ao

longo de todo o día. Do mesmo xeito, a xornada será aproveitada para coñecer o colexio que se está construíndo nas inmediacións do parque.

Nesta antiga finca señorial, que data de 1875, existen diversas construcións, hoxe en ruínas, como a antiga mansión, a residencia dos caseiros, así como unha montaña artificial e un xardín cunha senda construída en madeira de buxo. Tamén hai un lago artificial que se comunicaba con outra área acuática a través dun túnel no que se utilizaba unha pequena embarcación. Todo isto está decorado con motivos gaudianos. O Concello procederá á recuperación destes espazos e á conservación das ruínas do mesmo xeito que se fixo no fermoso parque da Capela, situado en Montrove, na antiga finca Ibarrola.